



PLAN DE CONTINXENCIA COVID-19

IES SANTA IRENE
CURSO 2020 / 2021

(Versión Noviembre 2020)

1.	Datos do centro
-----------	------------------------

Código	Denominación
36011592	IES SANTA IRENE

Enderezo		C.P.
Pza. América nº 7		36211
Localidade	Concello	Provincia
Vigo	Vigo	Pontevedra
Teléfono	Correo electrónico	
986233799	ies.santairene@edu.xunta.gal	
Páxina web		
https://www.edu.xunta.gal/centros/iessantairene/		

ÍNDICE

1. Contextualización
2. Actuacións previas diante da aparición dun abrocho
3. Actuacións para un período de actividade lectiva non presencial
4. Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial

1. CONTEXTUALIZACIÓN

Este Plan de Continxencia do IES Santa Irene ten por obxecto establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nunha aula/etapa educativa/centro.

Este plan será obxecto de revisión continua en función das decisións que adopten as autoridades sanitarias e educativas autonómicas e estatais. Estas medidas iranse actualizando cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiren e froito da experiencia na súa aplicación.

O centro educativos manterase abertos durante todo o curso escolar, sempre e cando a situación epidemiolóxica o permita, en base as indicacións das autoridades sanitarias.

Na presente actualización están contemplados os protocolos e instrucións publicadas polas consellerías de Sanidade e de Cultura, Educación e Universidade:

- PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021. Versión 16-09-2020
- PROTOCOLOS DE VIXILANCIA E CONTROL EPIDEMIOLÓXICO FRENTE AO VIRUS SARS-CoV-2 (COVID-19) NO ÁMBITO EDUCATIVO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA. Publicado o 9 de outubro de 2020 pola Dirección Xeral de Asistencia

2. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN ABROCHO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles coa COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa diagnosticada de COVID-19.
2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumnx da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual (ubicado na planta baixa, entre aos aseos femininos e a aula 12, o que antes era o departamento de Filosofía e EF), colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto a quen iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.
3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexidx por máscara, e logo seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
4. No suposto da aparición dun caso no centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 (directora) contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a

consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinala a xefatura de sanidade.

5. A familia dun alumnx con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra/medicx de cabeceira para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica.
6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da COVID-19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que no centro teña que estar illada unha parte (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.
7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:
 - A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.
 - Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.
9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de

entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

3. ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

1. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
2. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
3. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

4. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

Medidas académicas

- O alumnado disporá dun correo electrónico do dominio @iessantairene
- Coñecerá as claves de acceso a Aula Virtual e os aspectos máis salientables para traballar con ela.
- Como complemento, coñecerá tamén a plataforma G-suite e como utilizar as principais aplicacións da mesma.
- Cada profesor/a terá introducidos na Aula Virtual do centro cursos que lle permitirán continuar o traballo co alumnado, ben únicamente a través da Aula Virtual, ben apoiándose en conexións telemáticas co seu alumnado, atendendo especialmente a aquel/es grupo/s que resulten afectados por unha suspensión da actividade presencial para garantir a continuidade no proceso de ensino – aprendizaxe.
- Na páxina web do centro haberá un espazo no que as familias poderán consultar a plataforma de traballo de cada curso, para poder supervisar o traballo, así como un correo electrónico de cada profesor/a para manter o contacto e poder plantexar as dúbidas que considere.
- Cada profesor/a manterá contacto permanente co alumnado e, se así o considera, coas familias, ben persoalmente ben a través do titor/a, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia. Os medios a empregar para esta comunicación poderán ser vía telefónica (número oculto se emprega o teléfono persoal), con Abalar Móbil, mediante o correo electrónico do dominio @iessantairene, a través da plataforma G-suite (inclúe Google Classroom e Gogle meet) ou vía Cisco Webex. Priorizaranse os medios corporativos e da Consellería para cumprir a Lei de protección de datos vixente e garantir unidade a nivel de centro.

Medidas organizativas

- Realizar tarefas de desinfección profundas no centro a través do persoal de limpeza e mesmo da contratación dalgunha empresa se fora necesario.
- Revisar e actualizar o protocolo, cando se detecten deficiencias ou se publiquen novas instrucións por parte das autoridades sanitarias e/ou educativas.
- Coordinar co profesorado implicado as quendas de organización das fases.

As Normas de Organización e Funcionamento (NOF) vixentes no centro, son aplicables para os periodos de ensino non presencial. O seu incumprimento pode conlevar unha sanción. Por elo, recollemos un resumo das condutas que deben rexer nas actividades en liña.

ACTIVIDADE ACADÉMICA

- ✓ Presentar as tarefas en tempo e forma.
- ✓ Comunicarse co profesorado, para poder establecer un seguemento.
- ✓ Seguir as instrucións do profesorado e participar nas actividades propostas.

REGRAS DE PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES EN LIÑA OU NON PRESENCIAIS

- ✓ O ingreso ás salas virtuais deberá ser mediante invitación do/a docente que imparte a materia. Está prohibido compartir o enlace ou clave de ingreso á sala virtual a terceiros, o que será considerado falta grave.
- ✓ Os estudantes, salvo indicacións contrarias do profesor/a, deberán silenciar o micrófono e conectalo únicamente cando necesiten realizar algunha consulta ou o/a profesor/a llo solicite.
- ✓ É obriga do/a estudante conectarse con puntualidade.
- ✓ O alumno/a debe estar identificado, por nome e apelidos ou visualmente.
- ✓ As faltas disciplinarias na aula virtual serán sancionadas de acordo coas NOF.

NOTA: Aquellos alumnos/as que teñan algún problema de conexión ou doutra índole durante a etapa do ensino non presencial, deberán comunicalo ao correo do seu titor/a ou ao centro a través do correo ies.santairene@edu.xunta.gal

4. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva.

As fases establecidas para a reactivación son orientativas, e sempre atendendo ás indicacións do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia, que determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar.

En liñas xerais, as actuacións a realizar serán:

1. Desinfección, se procede, da/s aula/s afectadas
2. Revisión dos protocolos, por se fose conveniente introducir modificacións ou medidas especiais.
3. En coordinación co departamento de Orientación, valoración da conveniencia de realizar unha actuación emocional co alumnado afectado.
4. Incorporación progresiva do alumnado, reforzando o cumprimento das normas de hixiene e seguridade.